

Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia

11 de febreiro ▶ Pontevedra

- 12,30 horas. Pazo da Cultura de Pontevedra (Alexandre Bóveda, s/n)
*Encontro de Begoña Vila con estudantes de Primaria e Secundaria
(Acto aberto ao público)*

Astrofísica galega especializada no estudo de galaxias espirais. Enxeñeira de sistemas no Centro de voo espacial Goddard da NASA, ao cargo do control do telescopio espacial James Webb -sucesor do Hubble- para a toma de imaxes. Condecorada pola NASA coa medalla Exceptional Public Achievement polo desenvolvemento do sensor do James Webb. Premio María Josefa Wonenburger 2017.

- 20,00 horas. Casa das Campás (Don Filiberto, 9)
Mesa Redonda: Muller e Ciencia (Aberta ao público)

Con:

Alicia Estévez Toranzo: Catedrática de Microbioloxía e directora do Grupo de Patoloxía en Acuicultura da USC. Premio María Josefa Wonenburger 2018 e vicepresidenta da Real Academia Galega de Ciencias. Membro da Unidade Muller e Ciencia da Xunta.

Vanessa Valdiglesias García: Doutora en Bioloxía e investigadora no laboratorio de Toxicoloxía da Universidade da Coruña. Premio á Mellor Investigadora Moza de Europa 2015 pola Sociedade Europea de Xenómica e Mutaxénesis Ambiental e Galega Destacada 2015.

Elena Vázquez Cendón: Decana da Facultade de Matemáticas da USC dende 2015. Profesora titular de Matemática Aplicada. Investigadora adscrita ao Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) e membro do plenario do Consello da Cultura Galega.

Isabel Pastoriza Santos: Doutora en Químicas pola Universidade de Vigo. Coordinadora do Grupo de Química Coloidal do Departamento de Química-Física da UVigo. Premio L'Oréal-UNESCO Polas mulleres na ciencia, ano 2011.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

GCiencia
xornalismo+divulgación